

PROXECTO EDUCATIVO



CEIP PLURILINGÜE PROFESOR ALBINO NÚÑEZ



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
CEIP PLURILINGÜE PROFESOR ALBINO NÚÑEZ - OURENSE
Casardomato 1, O Pino – 32001 Ourense Tlf.: 988 788 896
Correo electrónico: ceip.albino.nunez@edu.xunta.es

1. Introducción
2. Análise do contexto educativo
 - Datos de identificación
 - Descrición da contorna
 - Análise socioeconómica das familias
 - Análise sociolingüística
3. Características físicas do centro
 - O edificio e as instalacións
 - Ofertas do centro (servizos e actividades)
4. Estrutura organizativa do Centro
 - Órganos de goberno
 - Unipersoais: Equipo directivo
 - Colexiados: Consello Escolar e Claustro
 - Órganos de coordinación docente
 - Equipos de ciclo
 - Comisión de coordinación pedagóxica
 - Equipos de nivel/curso
 - Equipos de dinamización da lingua galega
 - Equipo de actividades extraescolares e complementarias
 - Departamento de Orientación
 - Equipo de biblioteca
 - Persoal da administración e servizos
 - Asociación de nais/pais
5. Fins e intencións educativas do Centro
 - Alumnado
 - Profesorado
 - Familias/Nais/Pais
 - Lingua estranxeira (Centro Plurilingüe)
6. Criterios de agrupamento do alumnado en cursos de dobre liña ou dobrados
7. Medidas pedagóxicas para o período de adaptación en infantil
 - Obxecto

Alcance

Misións e responsabilidades

8. Criterios para a planificación dos espazos

9. Criterios para a distribución horaria

10. Concreción curricular

Adecuación de obxectivos de etapa

Distribución horaria das materias

Contribución de cada área á consecución das competencias para a etapa

Materiais curriculares

11. Metodoloxía xeral

12. Aspectos xerais das programacións

Programacións didácticas en educación infantil

Programacións didácticas en educación primaria

13. Educación en valores

Obxectivos curriculares transversais

Actividades curriculares transversais

14. Liñas xerais de atención á diversidade

15. Avaliación

Na educación infantil

Na educación primaria

16. Liñas Xerais do Plan de Orientación e do Plan de Acción Titorial

17. Relación coa contorna e as familias

18. Estratexias de coordinación entre etapas e niveis

19. Plans e proxectos do centro

20. Avaliación do PE

1. INTRODUCCIÓN

Segundo o artigo 121 da Lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE), para a mellora da calidade educativa:

O Proxecto Educativo do centro recollerá os valores, obxectivos e prioridades de actuación. Así mesmo, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa que corresponde fixar e aprobar ao Claustro, así coma o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outras ensinanzas.

Dito proxecto, que deberá ter en conta as características do contorno e cultural do centro, recollerá a forma de atención á diversidade, así como o Plan de Convivencia, e deberá respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios recollidos nas ditas leis.

No marco establecido polas Administracións educativas, os centros establecerán os seu proxectos educativos, que deberán facerse públicos co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa.

Así mesmo, corresponde ás Administracións educativas contribuír ao desenvolvemento do currículo favorecendo a elaboración de modelos abertos de programación docente e de materiais didácticos que atendan ás distintas necesidades dos alumnos/as e profesorado.

Normativa de referencia para a elaboración do Proxecto Educativo:

Lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE)

Decreto 330/2009, do 4 de Xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

Decreto 374/1996, do 17 de Outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

Orde do 22 de Xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da consellería de educación e Ordenación Universitaria.

Decreto 79/2010, do 20 de Maio, para o plurilingüismo no ensino non Universitario de Galicia.

Lei 4/2011, do 30 de Xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Decreto 229/2011, do 7 de Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O proxecto educativo do Centro (PE) , elaborado polo equipo directivo tendo en conta as propostas de concrecións curriculares aprobadas polo claustro, é posteriormente aprobado polo director/-a do centro.

Unha copia do PE queda na secretaría a disposición de toda a comunidade educativa, outro exemplar entregáraselle á ANPA e un terceiro remitírase á inspección educativa.



CEIP Plurilingüe Profesor Albino Núñez - Casardomato

2. ANALÍSE DO CONTEXTO EDUCATIVO

DATOS IDENTIFICATIVOS

Nome: CEIP Plurilingüe Profesor Albino Núñez

Dirección: R/ Casardomato, 1 32001-Ourense

Teléfonos: 988 788 896 / 988 788 895

Correo electrónico: ceip.albino.nunez@edu.xunta.es

Titularidade: Colexio Público de Educación Infantil e Primaria dependente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia.

Niveis educativos que se imparten: Educación Infantil e Educación Primaria.

Horario xeral:

De apertura e peche do Centro: 07:30 h a 16:15 h

Horario lectivo: 09:30 h a 14:30 h

Horario de comedor escolar: 14:30 h a 15:15

Actividades extraescolares: 15:15 h a 16:15 h

Centro de E. secundaria ao que está adscrito: IES 12 de Outubro

ALICERCES DA ACCIÓN EDUCATIVA

- a. O CEIP PLURILINGÜE PROFESOR ALBINO NÚÑEZ declárase como centro aconfesional, fomentando e garantindo actitudes de respecto e tolerancia cara todo tipo de crenza relixiosa.
- b. Unha coeducación fundamentada nos valores dunha sociedade plural, democrática e responsable.
- c. A oferta dun ensino de calidade baseado no desenvolvemento dunha educación biopsicosocial como medio para acadar a formación integral do individuo.
- d. Un centro aberto á información, innovacións e propostas educativas que contribúan a mellorar a calidade do ensino.
- e. Orientación do alumnado cara a un progresivo desenvolvemento das capacidades e competencias que fomenten un xuízo crítico que derive en persoas libres e autónomas dentro dunha sociedade plural e solidaria.
- f. Aprecio pola identidade propia como camiño inequívoco para valorar a diversidade.
- g. Unha metodoloxía apropiada a cada acto educativo.
- h. Flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan este e a sociedade.
- i. Optimización dos recursos humanos e materiais dispoñibles para poder atender un abano o máis amplo posible dentro da acción educativa.

1. Oferta de servizos (transporte / comedor escolar) e actividades complementarias e extraescolares que faciliten ao alumno/-a participar nun proceso integral da súa formación como persoa.

UN MODELO EDUCATIVO DEMOCRÁTICO, LAICO, INTEGRAL, INTEGRADOR, COEDUCATIVO, POTENCIADOR DOS VALORES QUE DEBEN SER REFERENTES NA SOCIEDADE ACTUAL (A PAZ, A SOLIDAREDADE, A LIBERDADE, A RESPONSABILIDADE, O ESFORZO, A TOLERANCIA, A PARTICIPACIÓN, O RESPECTO AO MEDIO AMBIENTE E O COÑECEMENTO E ESTIMA DOS VALORES CULTURAI PROPIOS E O RESPECTO POLOS ALLEOS).

OBXECTIVOS

ÁMBITO PEDAGÓXICO

- a. Desenvolver unha concreción curricular que se adapte ao contexto do centro, axustándoo a aqueles alumnos/-as que polas súas necesidade educativas así o demandan.
- b. Potenciar as posibilidades dos alumnos/-as para regular a súa propia aprendizaxe, desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e espírito emprendedor, confiando nas súas aptitudes e coñecementos.
- c. Adquirir e desenvolver hábitos e técnicas de traballo, esforzo, responsabilidade e disciplina para acadar un adecuado ambiente académico, así como desenvolver hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- d. Dotar de contido educativo as actividades extraescolares e complementarias.
- e. Potenciar o desenvolvemento das posibilidades dos alumnos/-as que presentan NEAE (necesidades específicas de apoio educativo), dando así resposta educativa ás mesmas.
- f. Empregar unha metodoloxía didáctica que elimine toda clase de estereotipos que aínda poidan presentarse .
- g. Capacitar para a comunicación nas dúas linguas oficiais da nosa comunidade / país, avanzando cara a normalización da lingua galega en todos os eidos da vida do centro e por parte de todos os sectores da comunidade educativa. Promover, así mesmo a capacitación, como mínimo, nunha lingua estranxeira.
- h. Potenciar a adquisición de habilidades no uso das TICs, valorando as aportacións que estas tecnoloxías fan a sociedade actual.
- i. Educar e espertar nos alumnos/-as unha conciencia de respecto cara o entorno (sostible), cara o propio corpo (saudable) e cara os demais (solidaria).

ÁMBITO HUMANO / RELACIÓNS INTERPERSOAIS E DE CONVIVENCIA

- a. Promover unha educación integral do alumno/-a que favoreza o desenvolvemento das súas capacidades para formar individuos libres e autónomos.
- b. Promover unha educación baseada na tolerancia, solidariedade e liberdade, potenciando unha aptitude aberta, respectuosa e tolerante no ámbito escolar.
- c. Fomentar unha educación non sexista, intentando a igualdade efectiva entre homes e mulleres, e respectar a diversidade ideolóxica, relixiosa e multicultural.
- d. Recoñecer a mestura de culturas como un elemento enriquecedor da sociedade, facilitando ás familias procedentes doutros países os medios dispoñibles para a súa integración.
- e. Educar na responsabilidade individual e no valor do esforzo persoal.
- f. Promover hábitos de hixiene, saúde e consumo responsable.
- g. Preparar para participar activa e criticamente na vida social e cultural.
- h. Fomentar o diálogo, a participación e a colaboración de todos/-as os/as integrantes da comunidade educativa na vida do centro, facilitándolles todas as canles posibles de participación.
- i. Promover unha escola sensible, pluralista, superadora e intelixente.
- l. Desenvolver programas de educación emocional e social, co obxectivo de fomentar o control emocional, a autoconciencia, a empatía, ...
- m. Promover que o resultado de cada proxecto poida ser compartido e valorado coa comunidade educativa e con outros centros.

ÁMBITO ORGANIZATIVO E DE XESTIÓN

- a. Conseguir que todas as actuacións que se leven a cabo no centro se fagan con total transparencia, xa sexa a nivel de docencia, organización ou xestión.
- b. Establecer claros protocolos de actuación que faciliten a boa xestión do centro.
- c. Realizar unha selección e utilización do material didáctico adecuado aos principios da coeducación.
- d. Organizar adecuadamente os espazos do centro, procurando mellorar as súas instalacións e a súa dotación de material e de equipamento, optimizando os recursos dispoñibles.
- e. Xestionar e dotar a biblioteca do centro combinando o uso responsable dos recursos co fomento do hábito lector.
- f. Potenciar o traballo en equipo do profesorado mediante unha coordinación efectiva e consensuada.
- g. Favorecer a formación permanente do profesorado.

- h. Manter relacións de colaboración coas diferentes administración e institucións, tanto educativas como sociais, culturais ou laborais en todas as iniciativas e propostas sen ánimo de lucro que contribúan a mellorar a calidade do ensino.
- l. Promover a avaliación formativa interna periódica da acción educativa do centro.
- m. Procurar unha institución escolar cada vez máis unida, cun sentido de traballo en equipo e de responsabilidades compartidas.
- n. Abrir o centro á entorna, colaborando coas institucións, persoas ou entidades que se mostren dispostas a emprender proxectos compartidos de formación, constituíndose nunha comunidade global de aprendizaxe.
- o. Desenvolver un proxecto de comedor escolar no que se contemple unha efectiva educación para a saúde, a convivencia e o benestar, baseada na promoción de hábitos alimentarios e hixiénicos, na garantía dunha dieta equilibrada e no fomento do compañeirismo, o respecto e a responsabilidade dentro dun entorno físico e social saudable.

PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN

1. Participación efectiva e transparente de todos os sectores da comunidade educativa, segundo a competencia que a cada quen lle corresponda, no proceso de planeamento, execución e avaliación do proxecto pedagóxico.
2. Colaboración coas diferentes administracións e entidades en todas aquelas iniciativas e suxestións que contribúan a mellorar o labor educativo e a calidade do ensino.
3. Oferta dun trato igualitario a todo o alumnado, profesorado, nais/pais ou titores legais e calquera outro membro da comunidade educativa. Os principios básicos nas relacións estarán baseados no diálogo, a non discriminación, a coeducación e o sistema participativo e democrático. Apostar por unha educación para a igualdade, rexeitando condutas e materiais de traballo que incidan nos roles tradicionais de home/muller.
4. Fomento da adquisición de hábitos de disciplina e convivencia baseados no consenso, tanto na elaboración coma na interpretación e aplicación da normativa ao efecto.
5. Aposta por unha concepción construtivista da educación e por lograr aprendizaxes significativas, respectando o proceso evolutivo do alumno/-a e a súa situación persoal e familiar. Fomentar a motivación, a implicación persoal, o esforzo e a aprendizaxe a través da experiencia, encamiñando todo o proceso a formar persoas que saiban actuar de maneira autónoma e responsable.
6. Oferta dun proxecto educativo integral e integrador baseado en:

Unha educación transmisora non só de coñecementos, senón tamén de valores e actitudes ante o saber e a vida.

Unha aprendizaxe significativa, é dicir, que o proceso da mesma deberá estar relacionado coas capacidades e contidos adquiridos anteriormente polo alumnado.

Que, na medida do posible, o/a alumno/-a sexa protagonista e construtor do seu propio proceso de aprendizaxe, fomentando nel/-a unha actitude activa, reflexiva e investigadora, que desenvolva un xuízo crítico que os/as leve a ser individuos libres e autónomos.

Unha ensinanza que preste atención á diversidade do alumnado, entendendo como tal o seu desenvolvemento psicolóxico, a seu ritmo evolutivo e o seu dereito á diferenza.

Atender a singularidade de cada alumno/-a aplicando os principios xerais de igualdade de oportunidades, de equidade e de inclusión.

Aproveitar os recursos do entorno, partindo do concreto e próximo para chegar ao abstracto e xeral.

7. Velar pola educación en saúde fomentando unha vida sa (alimentación e hábitos saudables: hixiene, exercicio físico, prevención da drogadicción, ...), promovendo e participando en cantas actividades conduzan a este fin.
8. Educar no respecto polo medio ambiente, programando e desenvolvendo actividades que esperten unha conciencia ecolóxica, intentando que o/a alumno/-a, segundo a súa idade, asuma as responsabilidades que lle correspondan.
9. Introducir as novas tecnoloxías no proceso ensinanza-aprendizaxe, xa que están a transformar de xeito radical as formas de vida, de ocio, de traballo e de comunicación, polo que se fai imprescindible preparar o alumnado para que poida facer un uso intelixente e ético das mesmas.

DESCRICIÓN DO CONTORNO / SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O CEIP Plurilingüe Profesor Albino Núñez está situado no barrio de O Pino, na entrada oeste da cidade de Ourense, a tres kilómetros do núcleo urbano.

O alumnado procede do mesmo barrio, de dous barrios limítrofes (A Ponte e O Vinteún) e de zonas rurais próximas pertencentes ao concello de Ourense: Palmés, Castro de Beiro, Vilar de Astrés, Barrio, Santa Cruz, Untes, Coles, Quintela, Eirasvedras e Estrada de Vigo.



O recinto escolar ocupa unha extensión de 7000 m², rodeado por unha reixa metálica, dos que 1120 m² pertencen ó edificio escolar, 2180 m² a pistas polideportivas, 315 m² a zona de xogos cuberta e 3385 m² a zonas axardinadas, de árbores e terra. O centro conta con dúas pistas polideportivas. Unha, semipechada, con cuberta metálica, rodeada de tea de arame nun dos seus lados e unhas

gradas de cemento, no oposto; a outra, descuberta, rodeada de tea de arame en dous dos seus lados. Dentro do recinto hai unha zona arborada cunha boa variedade de especies, zonas de terra e zonas con herba baixa.

A única vía de acceso ao centro, a rúa Casardomato (vía estreita e sen beirarrúas), parte da N120 (estrada de Vigo), polo sur, e da rúa de Tras Ferrocarril, polo norte, tendo que pasar, tanto por unha parte coma pola outra, un túnel baixo as vías do tren.



IMAXE AÉREA DA ZONA URBANA DE OURENSE NA QUE SE PODE OBSERVAR A SITUACIÓN DO CENTRO.

Existen tres portas, de dúas follas cada unha, de entrada ao recinto escolar polas que poden acceder vehículos (4 m) e outras dúas para as persoas (1,5 m).

Diante da fachada principal hai un recinto, de propiedade privada, de uns 1000 m², que se usa como aparcadoiro.

ESTUDO SOCIOECONÓMICO DAS FAMILIAS

Atopámonos con que a maior parte dos pais e nais do alumnado só posúen os estudos elementais ou medios, sendo unha minoría os que realizaron estudos universitarios.

Con todo isto podemos concluír que o nivel socioeconómico e cultural das familias é, en xeral, medio-baixo.

ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA

En canto á situación sociolingüística, observamos un claro predominio do castelán nos barrios próximos ao núcleo urbano e na xente nova da zona rural da contorna, que asocian unha limitación e unha merma de saídas profesionais á lingua galega, que seguen a considerar de menor prestixio. A proximidade ao núcleo urbano castelaniza.

Cabe destacar un grande número de familias inmigrantes procedentes de países non castelanfalantes que tratan de intregarse, ou convivir, aprendendo e empregando a lingua castelá.

A xente de máis idade mantén a oralidade galega, non a escrita.

No sector comercial, na maioría dos negocios emprégase como lingua vehicular o galego.

Con referencia ás institucións, dicir que a lingua empregada polo Concello a nivel escrito adoita ser en galego, mentres que a comunicación entre o funcionariado e os cidadáns non sempre é así, igual ocorre coa atención sanitaria.

Non existe pois unha situación de normalidade plena para o galego.

A situación lingüística do centro

A presenza da lingua galega no centro é plena na documentación administrativa, nas comunicacións informativas ás familias, na documentación interna, nos taboleiros, na decoración de conmemoracións...

O persoal non docente que forma parte da Comunidade Escolar é, así mesmo, usuario da lingua galega en todos os contextos e situacións. Dende a ANPA, tendo en conta unha análise das comunicacións enviadas aos membros da comunidade educativa, promóvese exclusivamente o uso da lingua castelá.

As persoas, grupos ou institucións alleas á vida escolar que participan en actividades (obradoiros, actuacións, charlas...) acostuman empregar o galego.

A lingua galega está presente na BIBLIOTECA, que participa activamente no gusto pola lectura e literatura galega colaborando en concursos literarios e dotando de fondos en galego segundo lle permite a súa economía.

A lingua galega tamén está presente nas TIC: páxina web, blogues e Abalar.

Os pais e nais diríxense ao centro maioritariamente en castelán, pero moitos mudan ao galego ao comprobar que dirección, profesorado, conserxaría e persoal do comedor empregamos o galego.

Procuramos que as interaccións cos alumnos e familias, formais ou informais, sexan en galego para consolidar o seu uso.

3. CARACTERÍSTICAS FÍSICAS DO CENTRO

3.1 O EDIFICIO E AS INSTALACIÓNS

Existe un único edificio cun pavillón polideportivo e área de xogos cuberta anexa. Na cara anterior ten planta baixa, sen barreiras arquitectónicas de acceso, e dúas alturas. Na cara posterior ten unhas escaleiras de acceso á planta baixa.

Na cara sur existe unha escaleira e unha rampla de baixada á zona de recreo e pista polideportiva.

Os patios inferiores son utilizados para os recreos e para actividades deportivas.

O edificio está construído en ladrillo cara vista e formigón. A cuberta é de pranchas metálicas.

Para acceder á planta baixa (entrada principal do centro) hai dúas portas de dúas follas en cada cara, Leste e Oeste (4 en total), con apertura cara fóra, de 2 m de largo cada unha.



Portas de acceso pola fachada principal, a entrada traseira do centro e a porta de acceso á cociña

Tamén hai unha porta de acceso directo á cociña e ao salón de actos (1 m cada unha). En caso de emerxencia tamén podería ser unha saída alternativa.

As escaleiras interiores teñen un largo de 1,4 m.

Un ascensor comunica a planta principal coas dúas superiores.

Os corredores, na parte máis estreita, teñen un largo de 2,2 m.

A planta soto conta con dúas portas, opostas, de 1,1 m de largo cada unha, que abren cara fóra e que comunican co exterior.




Entrada principal

Entrada fachada Oeste

Fachada Norte

Fachada Sur

<p>Soto</p> <p>Departamento de Educación Física (almacén material EF). Patio cuberto. Sala de xogos. Baños mulleres e homes. Sala de calefacción. Almacén da cociña.</p>	 <p><i>Patio cuberto no soto (1). Á dereita, zona pechada, sala de xogos (2).</i></p>
<p>Planta Baixa</p> <p>Aula multiusos. Sala de profesores. Dependencias do comedor escolar (despensa, vestiario/baño, cociña, comedor). Baños de nenos e nenas. Almacén material / servizo de limpeza (antiga vivenda conserxe). Despacho ANPA. Baño profesorado. Sala de curas. Dirección e servizos administrativos. Salón de actos. Titoría. Conserxería. Patio interior de 64 m² que da luz e ventilación a todas as plantas. Escaleiras (dúas) de subida á planta primeira a cada lado do patio central.</p>	
<p>Primeira planta</p> <p>Biblioteca. Nove aulas . Baños de nenos e nenas. Baño profesorado. Aula de PT. Despacho/aula AL. Aula de informática / novas tecnoloxías. Departamento de orientación. Sala de gardas / fotocopiadoras. Dúas escaleiras de baixada á planta baixa e dúas de subida á segunda planta.</p>	
<p>Segunda planta</p> <p>Dúas aulas ABALAR. Unha aula xeral. Catro aulas especialidades: lingua inglesa, música, expresión plástica e relixión católica. Dúas aulas multiusos: audiovisuais, laboratorio, almacén ... Baños de nenos e nenas. Baño profesorado.</p>	

IMAXES CORESPONDENTES A ALGUNHAS ZONAS DO CENTRO MENCIONADAS NA DESCRICIÓN DO MESMO.



Aparcadoiro en finca privada / Áreas de xogos cubertas / Vista parcial zona árbores exterior ao recinto escolar



Zona axardinada entre as zonas de xogo.

Pista polideportiva cuberta anexa ao centro.



Os planos do centro inclúense como Anexo a este Proxecto Educativo

3.2 OFERTAS DO CENTRO

Segundo ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria.

Servizos complementarios: comedor e transporte escolar.

Actividades complementarias dentro do horario escolar (entre as 15:15 h e as 16:15 h)



Vistas parciais do comedor escolar e da fachada sur do edificio principal

4. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

4.1 ÓRGANOS DE GOBERNO

UNIPERSOAIS: EQUIPO DIRECTIVO

A dirección, xefatura de estudos e secretaría son os interlocutores entre todos os sectores e membros da comunidade, propiciando a participación e o bo entendemento entre eles.

A LOMCE recolle as funcións do director no Capítulo IV, artigo 132

- a) Ostentar a representación do centro, representar a Administración educativa no mesmo e facerlle chegar a esta os planeamentos, aspiracións e necesidades da comunidade educativa.
- b) Dirixir e coordinar todas as actividades do centro, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Claustro do profesorado e ao Consello Escolar.
- c) Exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos obxectivos do proxecto educativo do centro.
- d) Garantir o cumprimento das leis e demais disposicións vixentes.
- e) Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ó centro.
- f) Favorecer a convivencia no centro, garantir a mediación na resolución dos conflitos e impor as medidas disciplinarias que correspondan ós alumnos e alumnas, no cumprimento da normativa vixente, sen prexuízo das competencias atribuídas ó Consello Escolar no artigo 127 desta Lei Orgánica. A tal fin, promoverase a axilización dos procedementos para a resolución dos conflitos nos centros.
- g) Impulsar a colaboración coas familias, con institucións e con organismos que faciliten a relación do centro co entorno, e fomentar un clima escolar que favoreza o estudio e o desenvolvemento de cantas actuacións propicien unha formación integral en coñecementos e valores dos alumnos e alumnas.
- h) Impulsar as avaliacións internas do centro e colaborar nas avaliacións externas e na avaliación do profesorado.
- i) Convocar e presidir os actos académicos e as sesións do Consello Escolar e do Claustro do profesorado do centro e executar os acordos adoptados, no ámbito das súas competencias.
- j) Realizar as contratacións de obras, servizos e subministracións, así como autorizar os gastos de acordo co presuposto do centro, ordenar os pagos e visar as certificacións e documentos oficiais do centro, todo elo de acordo co que establezan as Administracións educativas.
- k) Propor á Administración educativa o nomeamento e cese dos membros do equipo directivo, previa información ó Claustro do profesorado e ó Consello Escolar do centro.
- l) Aprobar os proxectos e as normas ós que se refire o Capítulo II do Título V da presente Lei orgánica.

- m) Aprobar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do Claustro do profesorado, en relación coa planificación e organización docente.
- n) Decidir sobre a admisión de alumnos e alumnas, segundo o establecido nesta Lei Orgánica e disposicións que as desenvolvan.
- o) Aprobar a obtención de recursos complementarios de acordo co establecido no artigo 122.3.
- p) Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
- q) Calquera outras que lle sexan encomendadas pola Administración educativa.

COLEXIADOS: CONSELLO ESCOLAR E CLAUSTRO

CONSELLO ESCOLAR

É o órgano a través do cal participan na xestión do centro os distintos membros da comunidade escolar.

A súa composición, atribucións e funcións coa LOMCE quedan recollidas no Capítulo III, artigo 126 e 127.

Artigo 126:

1. O Consello Escolar dos centros públicos estará composto polos seguintes membros:
 - a) O director do centro, que será o seu Presidente.
 - b) O xefe de estudos.
 - c) Un conselleiro ou representante do Concello en cuxo termo municipal se encontre radicado no centro.
 - d) Un número de profesores e profesoras que non poderá ser inferior a un terzo do total dos compoñentes do Consello, elixidos polo Claustro e en representación do mesmo.
 - e) Un número de pais e de alumnos, elixidos respectivamente por e entre eles, que non poderá ser inferior a un terzo do total dos compoñentes do Consello.
 - f) Un representante do persoal de administración e servizos do centro.
 - g) O secretario do centro, que actuará como secretario do Consello, con voz e sen voto.
2. Unha vez constituído o Consello Escolar do centro, este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.
3. Un dos representantes dos pais no Consello Escolar será designado pola asociación dos pais máis representativa do centro, de acordo co procedemento que establezan as Administracións educativas.
4. Corresponde ás Administracións educativas regular as condicións polas que os centros que impartan as ensinanzas de formación profesional ou artes plásticas e deseño poidan incorporar o seu Consello Escolar un representante proposto polas organizacións empresariais ou institucións

laborais presentes no ámbito de accións do centro.

5. Os alumnos poderán ser elixidos membros do Consello Escolar a partir do primeiro curso da educación secundaria obrigatoria non poderán participar na selección ou no cese do director. Os alumnos de educación primaria poderán participar no Consello Escolar do centro nos termos que establezan as Administracións educativas.
6. Corresponde ás Administracións educativas determinar o número total de membros do Consello Escolar e regular o proceso de elección.
7. Nos centros específicos de educación infantil, nos incompletos de educación primaria, nos de educación secundaria con menos de oito unidades, en centros de educación permanente de persoas adultas e de educación especial, nos que se impartan ensinanzas artísticas profesionais, de idiomas ou deportivas, así como naquelas unidades ou centros de características singulares, a Administración educativa competente adaptará o disposto neste artigo á singularidade dos mesmos.
8. Nos centros específicos de educación especial e naqueles que teñan unidades de educación especial formará parte tamén do Consello Escolar un representante do persoal de atención educativa complementaria.

Artigo 127

- a) Avaliar os proxectos e as normas ós que se refire o Capítulo II do Título V da presente Lei orgánica.
- b) Avaliar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do Claustro do profesorado, na relación coa planificación e organización docente.
- c) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- d) Participar na selección do director do centro, nos termos que a presente Lei Orgánica establece. Ser informado do nomeamento e cese dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, previo acordo dos seus membros, adoptado pola maioría de dous terzos, propor a revogación do nomeamento do director.
- e) Informar sobre a admisión de alumnos e alumnas, con suxección ó establecido nesta Lei Orgánica e disposicións que a desenrolen.
- f) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar por que se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o Consello Escolar, a instancia dos pais, nais ou titores legais, poderá revisar a decisión adoptada e propor, no seu caso, as medidas oportunas.
- g) Propor medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e a non discriminación polas causas que se refire no artigo 84.3 da

- presente Lei Orgánica, a resolución pacífica de conflitos, e a prevención da violencia de xénero.
- h) Promover a conservación e renovación das instalacións e do equipo escolar e informar a obtención de recursos complementarios, de acordo co establecido no artigo 122.3.
 - i) Informar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
 - j) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
 - k) Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.
 - l) Calquera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa.

CLAUSTRO DE PROFESORES

O Claustro de profesores/as é o órgano propio de participación destes/as no goberno do centro. Estará integrado pola totalidade do profesorado que preste servizos no mesmo e presidido polo director/a do centro.

Ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, de ser o caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro.

As súas funcións axustaranse ao establecido no Regulamento Orgánico das escolas de educación Infantil e primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro), e ao artigo 129 da LOMCE.

- a) Formular ó equipo directivo e ó Consello Escolar propostas para a elaboración dos proxectos de centro e da programación xeral anual.
- b) Aprobar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos do centro e da programación xeral anual.
- c) Fixar os criterios referentes á orientación, tutoría, avaliación e recuperación dos alumnos.
- d) Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.
- e) Elixir os seus representantes no Consello Escolar do centro e participar na selección do director nos termos establecidos na presente Lei.
- f) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- g) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- h) Informar as normas de organización e funcionamento do centro.
- i) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que éstas se atean á normativa vixente.

- j) Propor medidas e iniciativas que favorezan a convivencia do centro.
- k) Calquera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa ou polas respectivas normas de organización e funcionamento.

4.2 ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

EQUIPO DE CICLO: Educación infantil

EQUIPOS DE CURSO/NIVEL: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

A finalidade desta Comisión é garantir a coherencia e coordinación vertical do proxecto curricular do centro. Está presidida polo director/a do centro, e integrada polo xefe/a de estudos, o coordinador/a de ciclo de EI, o/a titor/-a coordinador/-a de cada nivel/curso, profesor/a de pedagogía terapéutica, o coordinador/a do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o xefe/a do Departamento de Orientación.

EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O Artigo 15 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia especifica:

1. Para potenciar o uso da lingua galega nos centros sostidos con fondos públicos, constituirase un equipo de dinamización da lingua galega, nomeado e supervisado pola dirección do centro e formado polo seu coordinador(a), por profesorado, por representantes do alumnado (agás no ensino infantil e primario) e por persoal non docente.
2. A composición do quipo de dinamización da lingua galega para cada tipo de centro, as súas competencias, e o nomeamento, cesamento e competencias do seu coordinador serán establecidas nos regulamentos orgánicos dos centros educativos. Na constitución destes órganos tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes.
3. Os equipos de dinamización da lingua galega terán un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega nos centros educativos, contarán co apoio técnico necesario e os centros educativos terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego.
4. A consellería competente en materia de educación, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, coordinará o labor dos equipos de dinamización da lingua galega e divulgará as experiencias positivas desenvolvidas nos centros educativos.

EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na PXA, se realizan fóra do horario lectivo. A participación nela será voluntaria.

O equipo de actividades complementarias e extraescolares encárgase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades. Este equipo está integrado polo seu/súa xefe/-a e, para cada actividade concreta, polo profesorado que participa nela.

A normativa pola que se rexerá este equipo é a que aparece reflectida no Capítulo IV do Título III (Artigos 69º a 79º) do Anexo ao Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21 de outubro de 1996) e o Capítulo IX do Anexo á Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e O.U. (DOG do 2 de setembro de 1997).

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Regulado segundo establece o Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

EQUIPO DE BIBLIOTECA

O Decreto 105/2014 de 04 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria en Galicia, recolle no artigo 18 a obriga de que os centros contan cunha biblioteca escolar como instrumento fundamental para o programa de promoción da lectura (proxecto lector do centro), como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe.

4.3 PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Adscrito a este persoal está, de forma fixa, un cociñeiro/-a e dúas axudantes de cociña, unha conserxe e dúas traballadoras do servizo de limpeza. Ademais, segundo as necesidades do alumnado, están adscritos ao centro un/unha ou dous/dúas coidadoras.

4.4 ASOCIACIÓN DENAIS/PAIS

Título VI (artigo 105º) do Anexo ao Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21 de outubro de 1996) e punto 3 do Capítulo VII do Anexo á Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e O.U. (DOG do 2 de setembro de 1997).

Funciona no centro unha asociación de nais e pais: ANPA CASARDOMATO.

5. ACCIÓNS EDUCATIVAS DO CENTRO

OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO / 03 a 06 anos)

1. Descubrir, coñecer e controlar progresivamente o propio corpo de maneira que se forme unha imaxe positiva de si mesmo, que valore a súa identidade sexual, as súas capacidades e limitacións de acción e de expresión, aprendendo a respectar as diferenzas entre o propio corpo e o dos demais, e adquirindo hábitos básicos de saúde e benestar.
2. Actuar de forma cada vez máis autónoma nas súas actividades habituais de xeito que desenvolva as súas capacidades afectivas e a súa seguridade emocional, e que adquira progresivamente iniciativa e confianza en si mesmo.
3. Observar e explorar o seu medio familiar, natural e social establecendo relacións sociais nun ámbito cada vez máis amplo, aprendendo a articular progresivamente os propios intereses, puntos de vista e contribucións cos dos demais.
4. Establecer vínculos fluídos de relación cos adultos e cos seus iguais, de xeito que adquira progresivamente pautas elementais de convivencia, e que responda aos sentimentos de afecto, exercitándose na resolución pacífica de conflitos, respectando a diversidade e desenvolvendo actitudes de axuda e de colaboración.
5. Observar e explorar o medio inmediato cunha actitude de curiosidade e de coidado, e identificar as características e propiedades máis significativas dos elementos que o conforman e algunhas das relacións que se establecen entre eles.
6. Coñecer algunhas manifestacións culturais do seu medio e amosar actitudes de respecto, interese e participación cara a elas.
7. Representar e evocar aspectos diversos da realidade vividos, coñecidos ou imaxinados e expresalos mediante as posibilidades simbólicas que ofrecen o xogo e outras formas de representación e de expresión.
8. Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión, axustándose ás diferentes situacións de comunicación habituais para comprender e ser comprendidos polos outros, expresar as súas ideas, sentimentos, experiencias e desexos, avanzar na construción de significados, regular a propia conduto e influír na dos demais.
9. Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
10. Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
11. Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
2. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
3. Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
4. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
5. Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas linguas.
6. Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
7. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
8. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
9. Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
10. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
11. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
12. Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
13. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos

estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

14. Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
15. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

ALUMNADO:

1. Fomentar a comunicación e o diálogo como medio para chegar a acordos dentro do grupo, aula e centro educativo tanto a nivel escolar como de convivencia.
2. Facilitar e potenciar a participación en tarefas que afecten ao grupo no que se desenvolven tanto no contexto de aula como naquel outro de convivencia cos demais membros da Comunidade Educativa (patio, biblioteca, comedor...)
3. Mellorar a autoestima tanto individual como en grupo fomentando a confianza en si mesmo como persoa e tamén a confianza no grupo .
4. Valorar e insistir na valoración da contorna, tratando de que coñezan e aprecien a súa realidade cultural, social e natural.
5. Fomentar o respecto e valoración doutras realidades distintas á nosa, tanto lingüísticas como culturais, sociais e naturais.
6. Coidar, respectar e manter en bo estado todo tipo de material escolar, fundamentalmente se é de todos/-as. Isto mesmo coas instalacións e lugares do centro educativo.
7. Inculcar hábitos relacionados coas normas básicas de educación e respecto a un mesmo e aos demais, tales como hábitos hixiánicos, alimenticios, de cortesía...
8. Mellorar a competencia académica do alumnado do centro, fundamentalmente nas técnicas instrumentais e desenvolver actitudes que incidan no seu enriquecemento persoal e académico (deporte, hábitos de lectura, coidado e respecto pola natureza, curiosidade en torno ao que o rodea...)
9. Desenvolver a capacidade de opinar ante o grupo con argumentos razoados e coherentes.
10. Desenvolver un espírito crítico e a capacidade de análise que lles axude a manter actitudes positivas e rexeitar as negativas tendo en conta as posibles consecuencias .

PROFESORADO:

11. Manter un clima de traballo agradable no que todas as opinións sexan escoitadas e valoradas para chegar a acordos consensuados

12. Colaborar nos traballos comúns do centro, procurando que a distribución dos mesmos non leve a sobrecarga dun compañeiro sobre outro
13. Levar a cabo un labor coordinado que incida na mellora da calidade educativa e profesional
14. Estimular a autoformación no centro
15. Funcionamento do plan de dinamización da biblioteca
16. Analizar e pór en común co equipo de profesionais correspondente, as necesidades educativas de xeito que deamos entre todos unha resposta eficaz ás mesmas
17. Facilitar a integración no seo da Comunidade Educativa de todos os seus membros
18. Velar porque todos os nenos e nenas estean integrados no seo do seu grupo natural, sen que haxa lugar a ningún tipo de discriminación en ningún lugar do centro
19. Planificar, programar, adaptar... de xeito que contribuíamos á mellora da calidade educativa e promoción persoal e académica dos alumnos/-as
20. Transmitir códigos de conduta democrática
21. Adquisición de material para as distintas áreas, aulas e departamentos

PAIS/NAIS E FAMILIAS:

22. Transmitir dende o centro o significado de Comunidade Educativa e a pertenza á mesma deles
23. Facilitar a súa asistencia ao centro coa finalidade de realizar tarefas comúns que incidan na mellora do funcionamento
24. Atender as propostas dos pais a través do Consello Escolar e da ANPA fomentando o diálogo como medio ideal na resolución de dificultades
25. Motivar e intensificar a colaboración en actividades complementarias e extraescolares, partindo sempre do criterio de que estean abertas á participación de todo o alumnado do centro
26. Actuar de mediadores nas relacións dos pais e nais con outras institucións brindándolles a información que teñamos ao noso alcance (Becas, Servizos sociais...)
27. Manter contactos con eles a través de reunións globais, titorías, atención individualizada e notas informativas
28. Continuar mantendo coordinacións pais- titores coa finalidade de establecer pautas comúns de actuación con respecto aos nenos e nenas

LINGUA EXTRANXEIRA

O Centro pertence a rede de Centros Plurilingües.

A competencia plurilingüe e pluricultural fai referencia á capacidade de empregar as linguas para fins comunicativos e de participar nunha relación intercultural na que unha persoa, en canto axente social, domina – con distinto grao – varias linguas e posúe experiencia de varias culturas. Isto non se contempla como a superposición ou xustaposición de competencias diferenciadas, senón como a existencia dunha competencia complexa e mesmo composta que o usuario pode empregar.

O enfoque habitual consiste en presentar a aprendizaxe dunha lingua estranxeira como a suma, en compartimentos distintos, da competencia de comunicarse nela e da competencia de comunicarse na lingua materna. O concepto de competencia plurilingüe e pluricultural tende a:

1. Afastarse da dicotomía supostamente equilibrada de lingua primeira e lingua segunda facendo máis fincapé no plurilingüismo, do que o bilingüismo é só un caso particular
2. Considerar que o individuo non ten un repertorio de competencias diferenciadas e separadas para comunicarse dependendo das linguas que coñece, senón unha competencia plurilingüe e pluricultural que inclúe o conxunto do repertorio das linguas de que dispón.
3. De todo isto podemos concretar os seguintes obxectivos xerais
4. Fomentar o plurilingüismo e a diversidade lingüística.
5. Mellorar a competencia lingüística dos alumnos/as.
6. Aumentar e facilitar o contacto coa lingua estranxeira e as ocasións de uso.
7. Mellorar os obxectivos lingüísticos establecidos para a área.

6. CRITERIOS PARA O AGRUPAMENTO DO ALUMNADO EN CURSOS DE DOBRE LIÑA OU DOBRADOS

A distribución dos alumnos/-as ao chegar ao centro farase tendo en conta as seguintes premisas, co fin de mellorar a organización educativa:

Orde alfabética.

Reparto na igualdade de sexos.

Reparto adecuado para respectar unha maior atención aos alumnos de NEAE.

Distribución consecuente respecto da opción relixión / valores sociais e cívicos.

Nos cursos/niveis de terceiro (3º) e quinto (5º) de E. Primaria, de ser o caso de haber máis de un grupo, realizarase una nova distribución do alumnado atendendo preferentemente criterios pedagóxicos, sendo o obxectivo fundamental o funcionamento óptimo de cada un dos novos grupos.

7. MEDIDAS PEDAGÓXICAS PARA O PERÍODO DE ADAPTACIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL

O período de adaptación do alumnado de educación infantil que se incorpora por primeira vez ao centro terá a mínima duración posible que permita acadar os seus obxectivos e, en todo caso, non se poderá prolongar máis de dez días lectivos desde a data de inicio das clases.

OBXECTO

Procurar unha boa acollida para o alumnado de nova incorporación, co fin de que a súa integración no centro sexa o máis doada, agradable e rápida posible.

ALCANCE

Todos os alumnos/-as que se incorporan ao centro cada curso escolar.

MISIÓNS E RESPONSABILIDADES

Director/-a:

Coordinar co departamento de orientación a publicidade da oferta educativa, e as reunións e visitas programadas ao noso centro dos pais e dos alumnos

Xestionar-la información, reunión e visita programada ao noso centro dos pais e nais dos alumnos/-as.

Departamento de orientación:

Planificar a información, reunión e visita programada ao noso centro dos pais e alumnos e colaborar coa dirección no deseño da publicidade.

Titores/- as:

Asistir á reunión e visitas programadas, ao noso centro, dos pais e os alumnos.

Entregar e recoller cuestionarios individuais a cada familia antes da recepción do grupo de alumnos.

Recepción dos alumnos de forma progresiva.

8. CRITERIOS PARA A PLANIFICACIÓN DOS ESPAZOS

Responder ás necesidades dos alumnos/-as para facilitar o seu desenvolvemento e aprendizaxe.

Aulas fixas: Lingua Estranxeira/Inglés, Expresión Artística/Música, aulas ABALAR (cursos 5º e 6º).

Aulas de Educación Infantil: invariable durante todo o ciclo/ adxudicación a cada titora.

9. CRITERIOS PARA A DISTRIBUCIÓN HORARIA

Responder á distribución horaria especificada no ANEXO IV do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os criterios baséanse en necesidades fisiolóxicas, ritmos que diferencien distintos momentos do día, respectar a globalidade do neno/-a e o tempo para o lecer.

10. CONCRECIÓN CURRICULAR

ADECUACIÓN DE OBXECTIVOS DE ETAPA

Recollida nas programacións didácticas anuais que se anexan.

DISTRIBUCIÓN HORARIA DAS MATERIAS

MATERIAS		1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua galega e literatura		4G	4G	4G	4G	4G	3G
Lingua castelá e literatura		4C	4C	4C	4C	4C	3C
Matemáticas		5C	5C	4C	4C	5C	5C
Ciencias sociais		3G	2G	3G	2G	2G	3G
Ciencias da natureza		2G	2G	2G	2G	2G	2G
Lingua estranxeira		2I	2I	3I	3I	3I	3I
Educación física		2C	2C	2C	2G	2C	2C
Educación artística	Expres. musical	1G	1G	1G	1G	1G	1G
	Expres. plástica	1I	1I	1I	1C	1G	1C
Relixión/Valores sociais e cívicos		1G	2G	1C	1C	1G	1G
Libre configuración					1C		1G
TOTALS		25	25	25	25	25	25

G (galego) C (castelán) I (inglés)

Ao ser un centro integrado dentro da rede de plurilingües e tendo a materia de PLÁSTICA acollida á docencia en lingua inglesa, cada ano académico incorporarase o curso que corresponda ata chegar a 6º no curso académico 2019-2020.

CONTRIBUCIÓN DE CADA ÁREA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias son capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, con fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

A competencia clave constitúe a dotación cultural mínima que calquera cidadán debe adquirir.

A competencia é a forma en que as persoas logran mobilizar todos os seus recursos persoais (cognitivos, afectivos, sociais, etc.) para acadar o éxito na resolución de una tarefa en diferentes contextos definidos. As competencias constitúen un tipo de aprendizaxe que se sitúa entre os comportamentos e as capacidades.

Para o efecto do decreto as competencias clave son:

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Debe potenciarse o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

A contribución de cada área ao desenvolvemento das competencias claves pódese contemplar dende un dobre enfoque: resaltando aqueles aspectos das competencias que poden ser desenvoltos e dende a óptica dos criterios de avaliación como referentes fundamentais.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

A adquisición dunha competencia clave supón: a adquisición de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamentos que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

Caracterízanse pola súa transversalidade, dinamismo xa que non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que vanse desenvolvendo e van adquirindo maiores niveis de desempeño, o seu carácter integral, debe abordarse dende todas as áreas de coñecementos.

As competencias clave deben de estar integradas nas áreas ou materias das propostas curriculares.

1. COMPETENCIA COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL) :

É a habilidade para expresar ou interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións de forma oral e escrita, para interactuar lingüísticamente dun xeito axeitado. Mediante esta competencia o alumnado pode expresar as súas propias vivencias, falar de comportamentos e establecer vínculos co seu ámbito. Adquirir esta competencia supón o uso eficaz da lingua en contextos múltiples, orais e escritos, e o uso funcional da lingua estranxeira (inglés).

Finalidade:

Supón que o alumnado ao rematar a EP debe ser quen de utilizar a lingua oral e escrita en múltiples contextos e empregar de forma funcional polo menos unha lingua estranxeira.

Contribución das distintas áreas:

COMPETENCIA: COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA	
Ciencias sociais e naturais	10%
E. Artística	5 %
Relixión / Valores sociais e cívicos	5 %
Lingua e literatura castelá e galega	50 %
Lingua estranxeira	20 %
Matemáticas	5 %
E. Física	5 %

Ciencias sociais e naturais: análise da ecotorna, textos informativos e explicativos.

Educación artística: explicación de procesos e solucións. Valoración da obra artística.

Relixión / Valores sociais e cívicos: debates e reflexións.

Lingua e literatura castelá e galega: competencias sobre o uso xeral da linguaxe.

Matemáticas: incorporación da linguaxe matemática a expresión habitual. Descrición de razoamentos e procesos.

Utilización do vocabulario específico das áreas nos distintos intercambios comunicativos que se producen.

2. COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT):

É a habilidade para utilizar e relacionar os símbolos, os números, as súas operacións básicas, e as formas de expresión e razoamento matemático: para producir e interpretar diferentes tipos de información, para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral.

Finalidade:

Supón que alumnado ao rematar a EP debe ser quen de utilizar espontaneamente, nos ámbitos persoal e social, os elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información para resolver problemas de situacións cotiás e tomar decisión.

Contribución das distintas áreas:

COMPETENCIA: MATEMÁTICA / CIENCIA E TECNOLOXÍA	
Ciencias sociais e naturais	15%
E. Artística	7 %
Relixión / Valores sociais e cívicos	1 %
Lingua e literatura castelá e galega	3 %

Lingua estranxeira	1 %
Matemáticas	70 %
E. Física	3 %

Ciencias sociais e naturais: técnicas e ferramentas matemáticas en contextos significativo de uso escaleiras, mesas, representacións, gráficas, porcentaxes...

Lingua e literatura castelá e galega: argumentacións. Lectura, comprensión literal, inferencia de enunciados para resolver problemas. Interpretación e expresión de informacións e datos.

Matemáticas: aprendizaxe dos contidos, dirixido a súa utilidade por enfrontarse as ocasións nas que se empregan as matemáticas fora da aula.

3. COMPETENCIA DIXITAL (CD):

Entraña o uso seguro e crítico das TIC`S para o traballo en clase, avaliar, almacenar, producir, presentar ou intercambiar información, tamén atende á diversidade de necesidades e realidades do usuario.

Finalidade:

Supón que o alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente.

Avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovación tecnolóxicas a medida que van aparecendo en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

Ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información, as súas fontes e as distintas ferramentas tecnolóxicas.

Ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información contrastándoa actuando é necesario e respectar as normas de conduta acordadas socialmente.

Contribución de distintas áreas:

COMPETENCIA: COMPETENCIA DIXITAL	
Ciencias sociais e naturais	17 %
E. Artística	8 %
Relixión / Valores sociais e cívicos	9 %
Lingua e literatura castelá e galega	21 %
Lingua estranxeira	20 %
Matemáticas	21 %
E. Física	4 %

Ciencias sociais e naturais: procedementos que requiren códigos e linguaxes diversas para seren

interpretadas.

E. Artística: demostración de procesos. Aproximación a creación de producións artísticas. Análise da imaxe , do son e das súas mensaxes. Deseño de situacións creativas.

Lingua e literatura castelá e galega : uso social e colaborador da escrita. Composición de textos: planificación/ elaboración/ revisión.

L. Inglesa: comunicación en tempo real con outras persoas. Acceso a información. Contextos reais e funcionais da comunicación.

Matemáticas: comprensión de informacións con cantidades e medidas. Linguaxes gráficos e estatísticos. Uso da calculadora e ferramentas tecnolóxicas.

Relixión / Valores sociais e cívicos: alfabetización dixital, busca de información e ampliación de coñecementos.

4. COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER (CAA):

É a habilidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, leva consigo ser consciente do propio proceso de aprendizaxe e das necesidades de aprendizaxe de cada un, determinar as oportunidades dispoñibles, adquirir, procesar e asimilar novos coñecementos e capacidades, buscar orientacións e facer uso delas. Esta competencia fai que o alumnado se apoie en experiencias vitais e coas aprendizaxes adquiridas os poida aplicar a novos coñecementos e capacidades en diversos contextos como na vida privada, profesional, educación e formación. A motivación e a confianza son cruciais para a adquisición desta competencia.

Finalidade:

Supón que o alumnado ao rematar a EP debe ser quen de xestionar e controlar as súas propias capacidades e coñecementos dende un sentimento de competencia ou autonomía persoal

Inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade cooperar ,de autoavaliarse e manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual, todo isto desenvolvido a través de experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes tanto individuais coma colectivas.

Contribución de distintas áreas:

COMPETENCIA: APRENDER A APRENDEER	
Ciencias sociais e naturais	15 %
E. Artística	15 %
Relixión / Valores sociais e cívicos	15 %
Lingua e literatura castelá e galega	15 %
Lingua estranxeira	15 %

Matemáticas	15 %
E. Física	10 %

Ciencias sociais e naturais: técnicas para aprender e/ou traballar en equipo, tratar a información. Reflexionar sobre o aprendido.

E. Artística: experimentación con técnicas e materiais. Exploración sensorial, reflexión sobre os procesos de manipulación. Protocolos de indagación e planificación de procesos utilizables en outras aprendizaxes.

E. Física: coñecemento das propias posibilidades e carencias.

Relixión / valores sociais e cívicos: habilidades sociais, traballo en equipo, participación e argumentación.

Lingua e literatura castelá e galega: reflexión sobre a aprendizaxe persoal e regulación das emocións.

Matemáticas: uso de ferramentas matemáticas básicas, comprensión de información con apoios matemáticos, autonomía, perseveranza e esforzo para abordar situacións de complexidade crecente, sistematización, crítica e comunicación de resultados e verbalización de procesos.

Traballar a organización do pensamento, a construción de coñecementos e a confianza en si mesmo, reforzando e pensamento propio.

5. COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA (CSC):

Esta competencia prepara as persoas para participar dun xeito eficaz e construtivo na vida social e profesional, especialmente en sociedades cada vez máis diversificadas e para poder resolver conflitos dunha forma eficaz.

Prepara as persoas para participar plenamente na vida cívica grazas ao coñecemento de conceptos e estruturas sociais e políticas, ao compromiso de participación activa e democrática.

Para un bo coñecemento do funcionamento social favorecendo a educación en valores e actitudes positivas de apertura e acollida cara a todas as persoas independentemente da súa raza, cor, sexo ou situación persoal.

Finalidade:

Supón que o alumnado ao rematar a EP debe ser quen de comprender a realidade social na que vive, afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado en valores éticos e prácticas democráticas, exercer a cidadanía actuando con criterio propio e, contribuír á construción da paz e a

democracia, mantendo unha actitude construtiva, solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigas.

Contribución de distintas áreas:

COMPETENCIA: SOCIAL E CÍVICA	
Ciencias sociais e naturais	35 %
E. Artística	5 %
Relixión / Valores sociais e cívicos	5 %
Lingua e literatura castelá e galega	20 %
Lingua estranxeira	15 %
Matemáticas	5 %
E. Física	15 %

Ciencias sociais e naturais: comprensión da realidade social: relacións próximas e relacións afastadas.

E. Artística : recoñecemento da riqueza cultural e artística.

E. Física : habilidades sociais. Recoñecemento da riqueza cultural: danzas, xogos populares...

Relixión / Valores sociais e cívicos: habilidades para vivir en sociedade. Habilidades sociais e relacións interpersoais . Universalización das propias aspiracións e dereitos. Impulso dos vínculos persoais. Enfrontar os conflitos por medio do diálogo. Interiorización de valores. Xerar un sentimento de identidade compartida. Identificación dos dereitos e deberes dos cidadáns.

Lingua e literatura castelá e galega : erradicar os usos discriminatorios da linguaxe.

L. Inglesa : coñecemento dos feitos culturais das comunidades falantes. Tolerancia e integración: interese por coñecer outras culturas, por relacionarse con outros falantes

Matemáticas : aceptación de outros puntos de vista na resolución de problemas.

6. SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE):

Enténdese a habilidade das persoas para transformar as ideas en actos. Desenvolver a creatividade, a innovación e asunción de riscos, así como coa habilidade para planificar e xestionar proxectos co fin de alcanzar obxectivos. Ser conscientes do contexto no que se desenvolve o seu traballo e ser capaces de aproveitar as oportunidades.

Finalidade:

Supón que o alumnado ao rematar a EP debe ser quen de imaxinar, emprender, desenrolar e avaliar accións e proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e espírito crítico; chegar a acadar unha serie de calidades e habilidades persoais, sociais e de dirección e liderado.

Contribución de distintas áreas:

COMPETENCIA: SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR	
Ciencias sociais e naturais	25 %
E. Artística	15 %
Relixión / Valores sociais e cívicos	10 %
Lingua e literatura castelá e galega	20 %
Lingua estranxeira	10 %
Matemáticas	15 %
E. Física	5%

Matemáticas: capacidade de recoñecer oportunidades, capacidade de adaptación ao cambio, manexo da incerteza e a resolución de problemas e proxectos. Capacidade de análise, planificación, organización, xestión e toma de decisións

Lingua e literatura castelá e galega: comunicación, presentación e representación e negociación efectiva. Pensamento crítico.

Ciencias sociais e naturais: coñecer o contexto no que as persoas viven e traballan, comprensión das liñas xerais que rexen o funcionamento das sociedades e organizacións sindicais e empresariais, así como as económicas e financeiras

Relixión / valores sociais e cívicos: predisposición a actuar de forma creadora e imaxinativa; autoconecemento e autoestima; autonomía e independencia; interese e esforzo. Motivación á hora de cumprir obxectivos ben sexan persoais ou comúns.

7. CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI (CCEC):

Apreciación da importancia da expresión creativa de ideas, experiencias e emocións a través de distintos medios, incluídos a música, as artes escénicas, a literatura e as artes plásticas. Implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como patrimonio dos pobos..

Finalidade:

Supón que o alumnado ao rematar a EP debe ser quen de ter adquirido un coñecemento básico das manifestacións culturais e artísticas, aplicar habilidades de pensamento diverxente e traballo colaborador, adoptar unha actitude respectuosa e crítica ante as distintas manifestacións culturais e artísticas, e o desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora; mostrar interese por participar na vida cultural e por contribuír a conservar o patrimonio artístico e cultural.

Contribución de distintas áreas:

COMPETENCIA:CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI	
Ciencias sociais e naturais	5 %
E. Artística	50 %
Relixión / Valores sociais e cívicos	8 %
Lingua e literatura castelá e galega	12 %
Lingua estranxeira	1 %
Matemáticas	10 %
E. Física	14 %

Ciencias sociais e naturais: coñecemento e valoración das manifestacións culturais.

E. Artística: coñecemento de códigos artísticos. Técnicas e recursos para percibir e comprender o mundo, expresarse e comunicarse. Desenrolo de criterios persoais.

E. Física: expresión de ideas ou sentimentos a través da exploración das posibilidades e recursos do corpo e do movemento.Recoñecemento das manifestacións culturais da motricidade humana (deportes, xogos tradicionais, actividades expresivas...) Apreciación e comprensión do feito cultural.

Lingua e literatura castelá e galega: lectura, comprensión e valoración das obras literarias.

L. Inglesa : introdución de textos e modelos lingüísticos de cariz literario e cultural.

MATERIAIS CURRICULARES

Materiais e recursos didácticos que se empregarán para o desenvolvemento da programación didáctica:

Libro de contidos teóricos das distintas materias.

Cadernos de traballo.

Láminas das distintas materias

Resolución de problemas

Materiais de ampliación e reforzo

Cadernos de traballo.

Materiais (regra, compás, cartabón...)

Ábacos, regreta, bloques multibase e equipos nos que se representen as ordes de unidades.

Recta numérica graduada para situar e localizar números.

Xogo de tarxetas numéricas ou cartolinas cos dez díxitos.

Materiais contables non estruturados.

Material funxible.

Biblioteca de aula

Libro do alumno das distinta materias

Cadernos de traballo.

Diccionario escolar.

Diccionario on – line da Real Academia da Lingua Galega.

Repositorio de contidos do Espazo Abalar.

Xornais dixitais galegos e españois

Ordenadores portátiles do programa ABALAR.

Ordenador do profesor/-a.

Encerado dixital e tradicional.

Canón proxector.

Material funxible.

Tamén se fará uso de diferentes páxinas web con recursos en rede dos que se botará man para afondar en diferentes contidos.

11. METODOLOXÍA XERAL

EDUCACIÓN INFANTIL

1. Ambiente de aprendizaxe.

Unha axeitada organización do ambiente, incluíndo espazos, recursos e distribución do tempo, será fundamental para a consecución das intencións educativas.

Espazos.

Na distribución do espazo preverase que os/as alumnos/-as dispoñan de lugares propios e de uso común para compartir, para estar sós e para xogar e para relacionarse cos demais; espazos para actividades que requiran unha certa concentración e espazos amplos que faciliten o movemento. O/A docente preverá as distintas situacións xerando un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido.

Materiais.

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e consecuentemente, ás características individuais do alumnado. Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posibles, ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento.

Tempos.

Será necesario organizar o tempo baixo presupostos de flexibilidade, de xeito que permitan ao profesorado adecualo ás características das tarefas. No desenvolvemento da xornada escolar combinaranse tempos de rutinas con tempos de actividades específicas segundo as características e necesidades do alumnado.

2. Perspectiva didáctica.

Organizaranse os contidos tendendo cara a un enfoque globalizador, que debe entenderse como a opción que determina que as propostas didácticas teñan como punto de partida situacións globais (situacións comunicativas, conflitos ou cuestións sociais, problemas de calquera tipo...) nas cales se porán en xogo contidos das diferentes áreas. Na proposta didáctica terán cabida as secuencias de aprendizaxe, os proxectos ou as unidades didácticas que engloben contidos de diferente tipo e de distintas áreas, aínda que tamén é conveniente planificar outras actividades que alternen coas propostas globalizadas. Atenderase os seguintes aspectos:

- É importante ofrecerlles aos/ás alumnos/-as situacións de aprendizaxe nas cales poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións. Para iso pódense empregar

diversas estratexias e recursos: a través de preguntas, follas de planificación, cos seus propios debuxos, opinións e propostas nos tempos de faladoiro, e mesmo a caixa de suxestións.

- A organización de proxectos, consensuados, negociados e levados a cabo colectivamente polo grupo, ou a realización de asembleas para comentar acontecementos ou discutir e decidir determinados aspectos de actividade diaria constitúen valiosas estratexias que a persoa docente utilizará porque son altamente motivadoras e favorecen o desenvolvemento das relacións interpersoais, o establecemento de vínculos afectivos, así como que a nena e o neno se sintan membros do grupo e participen activamente nel.
- A formulación de preguntas abertas por parte do/a profesor/-a acerca de determinados feitos ou situacións, ademais de estimular a linguaxe infantil, contribúe eficazmente a ensinarlles aos/ás alumnos/-as a facerse interrogantes pertinentes e a buscar respostas axeitadas, promovendo o diálogo e o intercambio de opinións sobre calquera tema que se estea investigando na aula.
- É imprescindible destacar a importancia do xogo como actividade propia desta etapa, xa que os/as nenos/-as, mentres xogan, manipulan obxectos nun espazo e nun tempo, crean e transforman (formas, tamaños, espazos, volumes), establecen relacións, deseñan situacións e invisten a acción da súa emotividade e simbolismo; manifestan a través desta actividade lúdica as súas vivencias de relación e de interacción.
- A afectividade debe ser o fío condutor de toda situación de ensino-aprendizaxe. Os/as nenos/-as deben sentirse seguros e construír coñecemento a partir da formación dunha autoimaxe positiva.

3. O papel do profesorado.

- É fundamental que o/a profesor/-a sexa quen de potenciar no seu alumnado unha serie de habilidades de pensamento que o axuden a encontrarlle sentido á súa experiencia; isto é: involucrarse en proxectos con xogos e actividades que o fagan observar, pescudar, imaxinar, anticipar consecuencias...; habilidades esenciais todas elas para conectar as experiencias presentes coas pasadas, formular problemas, facer estimacións, medir... ademais de proporcionarlles ás nenas e aos nenos ferramentas que lles permitan evolucionar nos coñecementos e nas habilidades que desenvolveron, co fin de garantir a construción de novas aprendizaxes.
- Para ofrecer unha intervención que conecte co saber, co saber facer e co saber estar de cada alumno/-a é necesario partir dos esquemas de coñecemento do alumnado e do significado que lles atribúe. O/A docente posicionarase como mediador/-a entre o alumnado e a cultura, atendendo á súa diversidade e tendo en conta situacións que requirirán, ás veces, dirixir, suxerir, e outras acompañar. A partir da observación do que os/as nenos/-as saben, podemos

intervir en cada caso de xeito máis próximo aos seus coñecementos (axudar a reflexionar sobre o modo de indagar o que di un texto, buscar pistas, buscar coherencia, etc.).

- O/A educador/-a velará por crear un ambiente educativo onde prime a valoración positiva nas interaccións, evitando as comparacións, a desvalorización, estigmatización ou ridiculización. É importante favorecer que os nenos/-as expresen libremente as súas opinións, os seus sentimentos e suxestións, e que os adultos creen condicións para que sexan escoitados, aceptados e respectados nas súas diferenzas.
 - As persoas adultas deben ter altas expectativas nas posibilidades dos nenos/-as en todos os planos e darlles sinais claros das súas potencialidades, animando e preocupándose de que estes/-as poidan superar desafíos, perseverando e desenvolvendo a tolerancia á frustración.
 - Débese evitar valorar máis os acertos que os erros e corrixilo todo. Cambiar a idea e evitar os erros pola de empregar os erros, e tamén os acertos, como fonte de información dos coñecementos dos nenos/-as. Crear un clima de aceptación e de respecto mutuo no cal equivocarse sexa un paso máis no proceso de aprendizaxe, en que cada criatura se sinta retada e ao tempo con confianza para pedir axuda.
 - A persoa adulta será prudente á hora de facer valoracións sobre as producións infantís para preservar a espontaneidade da creación fronte aos estereotipos e aos criterios preestablecidos de beleza ou de perfección.
 - A intervención da persoa docente (guiando, animando, apoiando, abrindo novos camiños, suxerindo...) estimulará a creatividade e contrarrestará estereotipos e convencionalismos.
4. O papel do alumnado.
- Terase en conta que cando os nenos/-as chegan á escola xa teñen un percorrido no seu coñecemento, e potenciarase a súa capacidade para descubrir e sentirse exploradores activos, poñendo á súa disposición os medios que llo possibiliten, así como tamén o acceso a obxectos ou a novas fontes de coñecemento.
 - Cando a un grupo de alumnos/-as se lles confiren responsabilidades de progresiva complexidade en relación con ámbitos referidos a si mesmo, ás demais persoas e ao medio natural, estamos abríndolle a posibilidade de que aprecie e valore os seus logros e esforzos e os das outras persoas, avanzando no proceso de autonomía persoal.
 - É igualmente importante ofrecerlle ao alumnado situacións de aprendizaxe que incentiven a potencien a realización das súas propias propostas, a toma de decisións, así como a posibilidade das actividades, os materiais e recursos que se van empregar, facéndolle ver que todas e todas poden realizar accións por si mesmos e compartilas cos demais.
 - Potenciarase que o alumando reflexione sobre os seus progresos mostrándolle as súas producións e realizando unha coavaliación. Isto resulta sempre satisfactorio e un motivo de

fortalecemento de autoestima.

5. Agrupamentos.

Para poder atender á diversidade do alumnado e á aprendizaxe de contidos de distinta natureza, organizaranse diversos formas de agrupamento tendo en conta as potencialidades de cada unha delas:

- O gran grupo é apropiado cando se trata de planificar conxuntamente as actividades, exposicións, lectura dalgúns textos, distribución de tarefas, explicacións, presentación de modelos, debates, asemblea, conferencias, etc.
- O grupo pequeno é o ideal para favorecer a interacción cooperativa, permite asignar a cada neno/-a tarefas concretas e estruturadas de tal xeito que o/a mestre/-a poida prestar as axudas axeitadas segundo o grao de realización da tarefa. Deben ser variables, homoxéneos e heteroxéneos. A organización en parellas acostuma a ser moito máis rendible polo grao de implicación que comporta.
- A actividade individual é un bo recurso para a interacción máis específica coa persoa docente, ao tempo que promove as estratexias de planificación da acción, a responsabilidade, a autonomía e a autoxestión.

6. Apertura á contorna.

A educación infantil acada o seu pleno sentido nun marco de colaboración e coordinación entre os elementos que inciden no proceso educativo dos/-as nenos/-as: o equipo docente, as familias e a contorna. En canto á relación coas familias, é necesaria unha boa comunicación e coordinación con elas para lograr unha implicación sistemática e unha participación estable, buscando momentos e espazos para o intercambio de experiencias, xa que a eficacia en infantil depende, en boa medida, da unidade de criterios educativos na casa e na escola.

En canto á apertura á contorna, planificaranse tanto saídas como visitas de membros da comunidade educativa. Así:

- Aproveitarase o potencial educativo das saídas e das visitas, planificadas detidamente, para sacar delas o maior partido educativo posible. É importante que a persoa docente teña moi claros cales son os contidos que pretende traballar coa visita, e non saír por saír, ou pretender observar e explorar todos os elementos do contorno. En calquera caso, sempre existirá unha finalidade (traducida en obxectivos), un deseño e unhas actividades que estean inseridas na programación xeral e que permitan aproveitar ao máximo este recurso. O aproveitamento da actividade non finalizada coa volta ao centro. Durante o día ou os días seguintes pódense crear situacións de comunicación e intercambio do que se viu e do material recollido, así como animar os/as alumnos/-as a que o expresen mediante distintas linguaxes. Todo iso dará lugar a suscitar actividades que provoquen novos interrogantes e

reforcen certas adquisicións.

- De igual forma, a persoa docente propiciará experiencias nas cales teñan cabida as relacións con nenos/-as doutras aulas, doutros centros e con persoas adultas, xa que así, non só se contribúe en gran medida a que vaian ampliando as súas relacións, senón que se permite descentrar positivamente a tarefa educativa da persoa docente e da aula.

EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Na etapa de Educación Primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
2. A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.
3. A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.
4. A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave, é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a trinta minutos.
5. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, estendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.
6. Prestaráselle especial atención durante a etapa á atención personalizada dos/-as alumnos/-as, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.
7. Os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as

adaptacións do currículo.

8. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

9. Impartirase de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

A comunidade educativa considera moi importante o proceso de aprendizaxe dos/-as nosos/-as alumnos/-as dentro do proceso de ensino. Por iso cremos oportuno que o/a alumno/-a sexa protagonista activo do seu proceso de aprendizaxe, proporcionándolle os recursos materiais e humanos necesarios para conseguir o seu pleno desenvolvemento.

Farase de xeito que a aprendizaxe sexa significativa (relacionada cos coñecementos previos e centros de interese). De forma globalizada o máximo posible, sobre todo en E. Infantil e secuencializada de forma gradual. Buscarase unha aprendizaxe comprensiva máis que memorística.

Unha metodoloxía :

Activa

Participativa

Individualizada

Socializadora

Potenciadora da autoestima e do éxito

Motivadora

Todo iso encamiñado a conseguir dos nosos/-as alumnos/-as: responsabilidade, autonomía, sociabilidade, tolerancia e capaces de vivir en sociedade.

12. ASPECTOS XERAIS DAS PROGRAMACIÓNS DOCENTES

Programacións en base á división de materias en disciplinas troncais, específicas e de libre configuración, así como as competencias clave e os estándares de aprendizaxe.

En cada unha delas concretaranse os indicadores que se especifican:

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E. PRIMARIA

Indicadores

Introdución e contextualización.

Competencias clave.

Obxectivos da educación primaria.

Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

Temporalización de estándares de aprendizaxe.

Mínimos exixibles para o logro das competencias clave.

Instrumentos de avaliación.

Criterios de cualificación.

Elementos transversais.

Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado para acadar os estándares de aprendizaxe e as competencias clave.

Materiais e recursos didácticos.

Procedementos para a avaliación e instrumentos de avaliación.

Medidas de atención á diversidade.

Accións de contribución ao proxecto lector e accións de contribución ao plan TIC,s.

Actividades complementarias e extraescolares.

Indicadores de logro para avaliar a propia programación didáctica e a práctica docente.

Aspectos procedimentais

Está entregada en prazo.

Segue as directrices da CCP.

Está redactada en lingua galega.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN EDUCACIÓN INFANTIL**Indicadores**

Introdución e contextualización

Contribución dende as áreas ao desenvolvemento das competencias básicas.

Obxectivos.

Secuencia de contidos.

Actividades.

Temporalización.

Criterios de avaliación.

Procedementos de avaliación.

Instrumentos de avaliación.

Metodoloxía didáctica, considerando as competencias básicas como elemento organizador.

Materiais e recursos didácticos.

Medidas de atención á diversidade.

Accións de contribución ao plan TIC.

Accións de contribución ao plan de convivencia.

Educación en valores.

Actividades complementarias e extraescolares.

Procedementos para avaliar a propia programación.

Aspectos procedimentais

Está entregada en prazo

Segue as directrices da CCP

Incorpora modificacións propostas na memoria do curso anterior.

Está redactada en lingua galega.

13. EDUCACIÓN EN VALORES

Segundo o Real Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia “A área de Valores Sociais e Cívicos axuda, en gran medida, a garantir o dereito universal dos nenos e das nenas a recibir unha educación que lles permita desenvolverse ao máximo das súas posibilidades, formarse no respecto dos dereitos humanos e nas liberdades fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas. Así mesmo, reforza a preparación das persoas para actuar como cidadáns participativos e implicados na mellora da cohesión, na defensa e no desenvolvemento da sociedade democrática”.

A área aborda tanto os aspectos de desenvolvemento persoal do individuo coma as facetas sociais e colectivas que conducen á adquisición de valores universais. Neste sentido oriéntase cara aos seguintes fins:

Dende o punto de vista do desenvolvemento persoal.

Capacitar o/a alumno/-a para construír un autoconcepto axustado e unha boa autoestima, para tomar iniciativas responsables e vivir con dignidade e sen violencia, respectando a pluralidade do entorno.

Dende o punto de vista social.

Inducir o/-a alumno/-a á empatía, ao respecto e á tolerancia das outras persoas para relacionarse e actuar de acordo cos dereitos e deberes humanos fundamentais.

Dende o punto de vista dos valores universais.

A área busca estimular nos/-as alumnos/-as as actitudes que propicien a interdependencia positiva, a cooperación e a solidariedade comprendendo a realidade social, para que aprendan a resolver conflitos de forma reflexiva, a dialogar para mellorar, a respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

Os elementos básicos do currículo estableceron unha serie de elementos transversais que deben traballarse en todas as materias:

Comprensión lectora, expresión oral e escrita.

Comunicación audiovisual e TIC.

Emprendemento.

Educación cívica e constitucional.

OBXECTIVOS CURRICULARES TRANSVERSAIS

1. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
2. Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de

lectura en ambas as dúas linguas.

3. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

4. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

5. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo- sexual.

6. Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

ACTIVIDADES CURRICULARES TRANSVERSAIS

Comprensión lectora

Expresión oral e escrita

Comunicación audiovisual

Uso axeitado da encerrado dixital, actividades on-line que faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas .

Emprendemento

Resolución de conflitos a través de postas en común

14. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As accións previstas neste apartado incluíranse no Plan de Atención á diversidade do centro.

15. AVALIACIÓNS

A avaliación parte das características singulares do alumnado e o contexto sociocultural no que está enmarcado o centro.

15.1 EDUCACIÓN INFANTIL

A avaliación do alumnado en educación infantil terá, como principal obxectivo, ofrecer información de como se está desenvolvendo o proceso educativo para unha intervención máis axeitada cara a mellora. Para iso, a avaliación debe explicar e describir os progresos que os/as alumnos/-as realizan e as dificultades coas que se encontran, así como as estratexias e recursos que se poñen en xogo en dito proceso. Isto permitirá o axuste progresivo da axuda pedagóxica ás súas características e necesidades particulares por parte dos profesionais da educación.

De maneira concreta empregaremos os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
Observación	Diario Anecdótico Boletín informativo trimestral de información ás familias Registro de cumprimento das normas da clase (formar fila, deixar a mochila no perchero, respectar a quenda de fala, ...) Ficha persoal do alumno/-a
Traballos de clase	Traballos dos/-as alumnos/-as (fichas, creación de producións plásticas, elaboración de murais, participación en obras teatrais....) Diálogos e conversas na asemblea. Gravacións
Entrevistas coas familias	Cuestionarios Registros

AVALIACIÓN INICIAL:

Cuestionario para a entrevista inicial coas familias.

Pautas de observación para o período de adaptación.

Ficha de avaliación inicial en tres, catro e cinco anos. (Segundo modelo da aplicación XADE)

AVALIACIÓN CONTINUA:

Avaliación ao final de cada unidade didáctica.

Ficha de avaliación continua trimestral, ao final de cada trimestre.

AVALIACIÓN FINAL:

Avaliación final de nivel, para o expediente individual do centro.

Avaliación final de ciclo.
(Segundo modelos da aplicación XADE)

15.2 EDUCACIÓN PRIMARIA

A ponderación que se lle outorga a cada un dos instrumentos de avaliación empregados na programación didáctica á hora de obter a cualificación final do alumno/-a reflectirase nas programacións anuais en función dos niveis e especialidades, segundo o seguinte cadro:

% DA CUALIFICACIÓN		% DA CUALIFICACIÓN		% DA CUALIFICACIÓN	
1. Probas escritas		2. Probas orais		3. Observación directa	
1.a Probas escritas de avaliación de contidos (de resposta breve, de relacionar, de elaborar, de completar...)	X %	2.a Probas orais individuais.	X %	3.a Rexistro anecdótico e rexistro de incidencias.	X %
1.b Lista de control de tarefas escolares realizadas na actividade da clase.	X %	2.b Participación na clase	X %		
1.c Caderno de clase e ordenador.	X %				
1.d Proxectos e traballos feitos polo alumnado.	X %				

Segundo o **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, con respecto á avaliación terase en conta o seguinte:

Artigo 12. Avaliación.

a. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das disciplinas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran nos anexos I, II e III deste decreto.

b. A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

c. Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación de terceiro curso e a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

d. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

e. Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

f. Co fin de garantir o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliábeis, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.

g. Os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada a todos os alumnos e as alumnas ao rematar o terceiro curso de educación primaria, segundo dispoña a Consellería con competencias en materia de educación, na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, as capacidades e as habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.

De resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan salientar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

h. Ao rematar o sexto curso de educación primaria realizarase unha avaliación final individualizada a todos os alumnos e todas as alumnas, na que se comprobará o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa. Para a avaliación utilizaranse como referentes os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis que figuran nos anexos I, II e III deste decreto.

O nivel obtido por cada alumno ou alumna farase constar nun informe, que será entregado aos pais, ás nais ou ás persoas que exerzan a tutoría legal e que terá carácter informativo e orientador para os centros docentes nos que os alumnos e as alumnas cursasen o sexto curso de educación primaria e para aqueles nos que cursen o seguinte curso escolar, así como para os equipos docentes, os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal e os alumnos e as alumnas. O nivel obtido será indicativo dunha progresión e aprendizaxe adecuadas, ou da conveniencia da aplicación de programas dirixidos ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ou doutras medidas.

i. Co fin de facilitar a transición desde a educación primaria á educación secundaria obrigatoria, os centros docentes prestaranlle unha especial atención á coordinación entre ambas as dúas etapas, para salvar as diferenzas pedagóxicas e organizativas e os desaxustes que se poidan producir no progreso académico do alumnado, para o que se terá en conta, entre outros mecanismos, o informe indicativo do nivel obtido na avaliación final de etapa.

l. A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer plans específicos de mellora naqueles centros docentes públicos cuxos resultados sexan inferiores aos valores que, para tal obxecto, determine.

Artigo 13. Promoción.

1. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

2. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado tutor.

Atenderase especialmente aos resultados das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e final de educación primaria.

Atendendo aos resultados das avaliacións extraordinarias das competencias: matemática e lingüística, e aos resultados das avaliacións individualizadas de terceiro, tomaranse as decisións consecuentes no referente á materia de libre configuración nos cursos 4º e 6º.

Plan específico para permanecer un ano máis no mesmo curso

Esta medida irá acompañada dun Plan específico de reforzo e de recuperación arredor das CCBB e aquelas áreas que faciliten a superación das dificultades de aprendizaxe. Para a elaboración deste plan seguiranse os pasos:

Valoración do departamento de orientación

Farase en base aos datos que constan no departamento acerca do alumno

Plan de avaliación da linguaxe oral aplicado en Educación Infantil

Plan de avaliación inicial de Educación Primaria

Plans de seguimento de Educación Primaria que se aplican ao rematar cada nivel.

Plans de avaliación das matemáticas que se aplican o remate de cada Nivel de Educación Primaria

Probas aplicadas en exclusiva a este alumno

Revisión do seu expediente no que poden constar informes médicos ou psicopedagóxicos, historial escolar.....

Valoración psicopedagóxica ou aplicación de novas probas si se considera necesario

Adoptar as medidas necesarias

Pódense adoptar as seguintes medidas segundo se considere en cada caso:

Reforzo educativo dentro da aula a cargo do profesor de área

Reforzo educativo dentro ou fóra da aula a cargo dun profesor especialista en Pedagogía Terapéutica ou en Audición e Linguaxe e neste caso indicaranse o número de sesións á semana.

Avaliación inicial realizada polo profesor de cada área.

Esta avaliación realizarase en base a:

A análise dos informes persoais do curso anterior.

Información obtida das familias

Información recibida do departamento de orientación

Elaboración dun programa de intervención

En base as conclusión do apartado anterior será necesario elaborar un programa de intervención naquelas áreas que se considere necesario.

En caso de que o alumno/-a necesite apoio dun profesor especialista en Pedagogía Terapéutica ou en Audición e Linguaxe o programa será elaborado e coordinado entre o profesor de área e o especialista

correspondente na área ou áreas nas que este último intervén. Nas áreas nas que o profesor especialista non intervén será o profesor de área o responsable de dito plan.

No programa de intervención deben de figurar obxectivos, contidos, criterios de avaliación, CCBB, metodoloxía, materiais curriculares e outros recursos e procedementos e instrumentos de avaliación.

Seguimento:

Realizarase nas avaliacións e en base os resultados revisarase e faranse as modificacións necesarias no plan de intervención.

Artigo 14. Documentos oficiais de avaliación.

Os documentos oficiais de avaliación son o expediente académico, as actas de avaliación, os documentos de avaliación final de etapa e de terceiro curso de educación primaria, o informe indicativo do nivel obtido na avaliación final de etapa, o historial académico e, no seu caso, o informe persoal por traslado.

Os documentos oficiais de avaliación serán visados pola dirección do centro e levarán as sinaturas autógrafas das persoas que corresponda en cada caso. Ao carón constarán o nome e os apelidos de quen asina, así como a referencia ao cargo ou á atribución docente.

O historial académico e, de ser o caso, o informe persoal por traslado, considéranse documentos básicos para garantir a mobilidade do alumnado por todo o territorio nacional.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10.

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

Os centros docentes poderán propoñer o outorgamento dunha Mención Honorífica aos alumnos e ás alumnas que obtiveran Sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área e que demostren un rendemento académico excelente, cuxo outorgamento corresponderá á consellería con competencias en

materia de educación.

As actas de avaliación estenderanse para cada un dos cursos e pecharanse ao remate do período lectivo ordinario e na convocatoria das probas extraordinarias, no seu caso. Comprenderán a relación nominal do alumnado que compón o grupo xunto cos resultados da avaliación das áreas e as decisións sobre promoción e permanencia.

As actas de avaliación serán asinadas polo titor ou a titora do grupo e levarán o visto e prace da dirección do centro.

Avaliación individualizada do alumnado de 3º curso

Farase aos alumnos/-as de 3º nivel de primaria, de acordo coa normativa indicada pola consellería.

15.3 CRITERIOS DE PROMOCIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA

O Claustro de profesores del CEIP Plurilingüe Profesor Albino Núñez de Ourense, tendo en conta a lexislación vixente e coa finalidade de orientar o/a profesor/-a titor/-a sobre o procedemento a seguir na toma de decisións sobre a promoción dos alumnos/-as, establece os seguintes criterios e principios de Promoción:

1. Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis establecidos no Decreto 105/2014, do 4 de setembro polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, serán os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos de cada curso/nivel e etapa.
2. O alumno/-a accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que acadou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa así como o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

3. Os alumnos/-as que promoven con algunha área avaliada negativamente recibirán os apoios precisos, mediante un plan específico, para a súa recuperación. Estas áreas avaliaranse positivamente se o/a alumno/-a obtén unha avaliación positiva da mesma no curso seguinte.
4. A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo fará referencia aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe de carácter xeral, establecendo para o alumnado que o precise, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de xeito que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe. De existir unha adaptación curricular, os

criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de referencia serán os establecidos na adaptación realizada.

5. Sen prexuízo da permanencia durante un curso máis na etapa, a escolarización dun alumno/-a con necesidades educativas (ANEAE) poderase prolongar, de xeito extraordinario (flexibilización da duración do período de escolarización) outro curso máis, despois das autorizacións previstas segundo a normativa de referencia.
6. Con alumnos/-as con necesidade específica de apoio educativo de altas capacidades poderase flexibilizar o período de permanencia nos distintos niveis atendendo tamén o establecido na normativa que regula a intervención educativa.
7. De forma excepcional, o equipo docente non utilizará como único criterio de promoción o número de áreas avaliadas negativamente nos alumnos/-as de incorporación tardía ao centro, ausencia continuada por enfermidade ou incorporación tardía ao programa de bilingüismo.
8. Na avaliación do alumnado dos cursos de 3º e 6º de E. primaria os resultados das probas externas de avaliación terán un carácter orientativo e en ningún caso decisivo.

APLICACIÓN DOS CRITERIOS DE PROMOCIÓN
<p>Non promoven:</p> <p>Alumnado con dúas áreas instrumentais (Matemáticas, Lingua Castelá, Lingua Galega) suspensas.</p> <p>Alumnado con tres áreas suspensas se unha delas é instrumental.</p> <p>Alumnado con catro áreas ou máis suspensas.</p>

Os/as alumnos/-as de Educación Primaria poden promover ao curso e etapa seguinte como máximo con tres áreas avaliadas negativamente, sempre e cando unha delas non sexa área instrumental (matemáticas, lingua galega ou lingua castelá).

Cando a avaliación fose positiva en todas as áreas o/a alumno/-a promoverá ao curso ou etapa seguinte. Tamén promoverá á etapa seguinte despois de permanecer un ano máis na que está escolarizado (agás o caso dun/dunha alumno/-a ANEAE proposto para a permanencia un segundo curso extra na etapa).

Se un/unha alumno/-a non obtivese avaliación positiva nalgunha/-s das áreas, o equipo docente decidirá sobre a promoción tendo en conta as seguintes variables:

1. Alumnos/-as con UNHA área avaliada negativamente, promoverán ao curso ou etapa seguinte.

2. Alumnos/-as con TRES áreas do curso avaliadas negativamente, sendo unha delas área instrumental, e que non repetisen curso, non promoverán ao curso ou etapa seguinte.
3. A decisión de promoción ou non dun/dunha alumno/-a con DÚAS áreas do curso avaliadas negativamente e que non repita curso dependerá das áreas avaliadas negativamente.

Se son DÚAS áreas instrumentais (L. Galega, L. Castelá ou Matemáticas) o/a alumno/-a NON promoverá de curso ou etapa.

Se son DÚAS áreas non instrumentais, o/a alumno/-a SI promoverá.

Se é UNHA área instrumental e UNHA área non instrumental, o/a alumno/-a SI promove.

Cando o profesor/-a titor/-a, consultado o equipo docente, considera que un/unha alumno/-a é susceptible de repetición, informará desta posibilidade aos pais ou titores legais. Ademais informaraos do plan de actuación de reforzo que se lle está aplicando ao/á alumno/-a no centro para que estes o/a apoiem e poder evitar a posible repetición.

Base lexislativa:

Lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE).

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 229/2011, do 7 de Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

16. LIÑAS XERAIS DO PLAN DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL

Incluídas no Plan de orientación e Plan de acción tutorial.

Plan de Orientación

A orientación é un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa dende as primeiras idades do alumnado, tendo coma un dos seus obxectivos a prevención e a detección temperá das dificultades tanto no seu desenvolvemento coma na aprendizaxe para garantir que cada alumna/alumno desenvolva ó máximo as súas posibilidades e sexa capaz de elaborar un proxecto de vida persoal, isto significa que sexa capaz de desenvolver accións promotoras de cambio persoal, cultural e social; planificadas dende a reflexión crítica das diferentes situacións, con intervencións rigorosas, sistemáticas e controladas que lle permitan seguir avanzando na mellora das posibilidades e das realidades actuais, e, incluso na construción doutras novas.

Partimos da concepción de que a orientación é un factor de calidade da ensinanza e que xunto coa titoría forma parte da función docente, polo que debe ser desenvolvida por todo o profesorado.

Dende esta perspectiva, as medidas e criterios de atención á diversidade do alumnado no seu conxunto, a orientación e a titoría que se presenta, pretende ser unha guía de traballo aberta e flexible na que a orientación educativa se caracteriza coma un proceso:

Continuo, sistemático e articulado onde o alumnado é o axente activo do seu propio crecemento persoal e educativo.

Que forma parte da función docente e integra todas as accións realizadas dende a titoría e o asesoramento especializado.

Que garanta o desenvolvemento das medidas preventivas, habilitadoras e compensadoras dirixidas ao alumnado e ao seu contexto

Os obxectivos xerais do Plan de Orientación son:

Contribuír ao desenvolvemento de tódolos aspectos da persoa concreta e individual.

Prever as dificultades de aprendizaxe e contribuír a superalas cando se produzan, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do/a alumno/a.

Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e dun sistema de valores.

Contribuír á axeitada relación entre os distintos integrantes da comunidade educativa, especialmente entre mestre/a, alumno/a e centro/familias.


Resaltar aspectos orientadores da educación: “Orientación en e para a vida”, atendendo ó contexto real dos/as alumnos/as e ó futuro académico-profesional que poidan proxectar para si mesmos/as, favorecendo a adquisición de aprendizaxes funcionais.

Asesorar, promover a colaboración centro-familias, deseñando accións encamiñadas á atención temperá, ó clima de convivencia e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe do alumnado.

Promover a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica a revisión dos instrumentos da planificación do centro, PC e PE, incidindo nos aspectos da avaliación e atención á diversidade.

Plan de Acción Titorial (PAT)

A finalidade da acción titorial é conseguir un desenvolvemento integral e harmónico do alumnado que lle permita dar resposta ás necesidades e situacións de carácter persoal, educativo e social que vai ir atopando ao longo da súa vida. É dicir, hai que ensinarlle a ser persoa, a pensar, a convivir, a respectar as individualidades e peculiaridades de cada quen, a comportarse consigo mesmo e cos demais e a tomar decisións en calquera situación da vida. Entendemos que a orientación escolar debe ir dirixida a todo o alumnado, non só a aqueles que teñan dificultades na súa aprendizaxe. É necesario que cumpra os principios de prevención, desenvolvemento e intervención social. A titoría non debe ser unha acción illada, senón unha acción colectiva e coordinada que implica a todo o profesorado e en especial ós titores/as. Debe intervenir naqueles sectores que inciden no contorno escolar: alumnado, familias e profesorado seguindo a seguinte estrutura organizativa:



Os Obxectivos Xerais do PAT son:

Integración e inserción do neno/nena no grupo – clase e dinámica escolar.

Adaptación escolar inicial.

Coordinación e seguimento do proceso de avaliación.

Intervir no proceso de ensino – aprendizaxe.

Prevención de dificultades de aprendizaxe.

Hábitos e técnicas de estudo. Fomento da tolerancia e convivencia no centro.
Vinculación da escola coa familia.

Coa aplicación deste PAT pretendemos:

Integrar as competencias básicas

Desenvolver as propostas derivadas do Plan de Convivencia.

Unificar criterios entre o profesorado.

Que a acción tutorial non sexa unha tarefa puntual senón un proceso continuo.

Ter como obxectivo o desenvolvemento persoal do alumno.

Responder á heteroxeneidade das aulas. Atención á diversidade

17. RELACIÓN COA CONTORNA E AS FAMILIAS

Dende o centro trátase de:

Potenciar a relación e colaboración coas asociacións culturais e veciñais do barrio.

Colaborar e participar naquelas actividades programadas polas diferentes entidades e asociacións do concello que se consideren oportunas e acorde cos obxectivos formulados neste PE.

Colaborar e participar nas actividades organizadas polo concello a través da concellería de educación e cultura, así como cos concellos próximos.

Facilitar o uso das instalacións do centro a aquelas entidades ou institucións que o soliciten e sempre e cando os seus obxectivos e fins estean de acordo co noso PE.

Consideramos o Centro como unha Comunidade Educativa na que as familias dos alumnos e alumnas, teñen unha importancia transcendental. Por iso, promoveremos a súa participación e colaboración activa, na xestión do Centro e nas actividades educativas, a través dos Órganos Colexiados e Asociacións, dotándoas da axuda necesaria para que poidan desenvolver o seu labor. É un dereito e un deber irrenunciable das familias, o estar permanentemente informadas do desenvolvemento do proceso educativo, a través de todos os informes e entrevistas co profesorado responsable dos seus fillos.

O centro solicitará todos os cursos, se é posible, dentro dos contratos-programa a modalidade PROA coa intención de mellorar o rendemento académico do alumnado con dificultades para acadar resultados positivos nas notas, para isto se fan reunións cos pais/nais ou titores e se lles fai firmar un documento (compromiso pedagóxico) onde se comprometen a colaborar na obtención de mellores resultados académicos cos seus fillos/as.

18. ESTRATEXIAS DE COORDINACIÓN ENTRE ETAPAS E NIVEIS

A coordinación entre as etapas e os niveis quedará reflectida a través das reunións entre os diferentes órganos de goberno da comunidade educativa, nas reunións establecidas na Programación Xeral Anual.

19. PLANS E PROXECTOS DO CENTRO

Normas de organización e funcionamento e convivencia do centro (NOFC).	
Proxecto de comedor escolar.	Proxecto lector.
Plan de Autoprotección do centro.	Plan plurilingüe.
Plan de Fomento do uso do galego.	PLAMBE (Plan de mellora de bibliotecas escolares).
Proxecto Abalar.	Programa de educación medioambiental Voz Natura.
Proxecto lingüístico.	
Plan Tic,s	

20. AVALIACIÓN DO PE

O procedemento inclúe un inventario de indicadores. Dos resultados anotaranse todas as alternativas que xurdan para a mellora do proxecto.



A valoración realizarase ao inicio e á conclusión de cada curso académico.

Inventario de indicadores para a valoración do proxecto educativo do centro
1. O PE reflicte claramente a identidade do centro
2. O PE responde ás necesidades do entorno e do alumnado
3. O PE responde ás intencións educativas actuais
4. O PE é suficientemente coñecido pola comunidade educativa
5. As finalidades son compartidas
6. A revisión do PE está organizada e parte da experiencia compartida
7. O documento do PE respecta a estrutura proposta polo Regulamento orgánico
8. Os obxectivos que se desenvolven estanse levando á práctica
9. Compártese a organización e funcionamento do centro reflectido no PE
10. Coñécese o NOFC
11. ¿Compártese o contido do NOFC?
12. ¿Coñécese o DOC e a súa composición?
13. A PXA recolle anualmente eses obxectivos para cada un dos ámbitos
14. O documento da PXA respecta a estrutura proposta polo NOF
15. A PXA incorpora os aspectos que se valoraron como mellorables o curso anterior
16. É útil para definir e describir as actuacións que se realizan no centro
17. É unha ferramenta de consulta e apoio
18. O Proxecto Curricular está actualizado
19. O Proxecto Curricular está contextualizado á realidade do centro
20. O PCE desenvolve os principios educativos do PE
21. O documento do PE respecta a estrutura determinada pola normativa

22. O PCE está difundido suficientemente e sirve de referente ás Programacións
23. A revisión do PCE está organizada e vense desenvolvendo de forma continua para facilitar a súa adaptación

Este proxecto educativo de centro foi presentado ao Claustro na sesión celebrada o día o día 24 de abril de 2018, non recibindo ningunha proposta de modificación do mesmo.

Este proxecto educativo de centro foi presentado ao Consello Escolar, obtendo o Vº e Prace unánime do mesmo, na sesión do día 24 de abril de 2018, sendo aprobado polo director nesa mesma sesión.



OURENSE É UNHA BONITA CIDADE DE INTERIOR SITUADA NO SURESTE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E MOI COÑECIDA POLAS SÚAS PONTES, O SEU PATRIMONIO HISTÓRICO E AS AUGAS TERMAIS QUE SE PODEN DESFRUTAR EN MÚLTIPLES LUGARES DA CIDADE. O SEU LUGAR MAIS AFAMADO É A FONTE DAS BURGAS, DA QUE EMANAN AUGAS QUE ESTÁN CASE A FERVER. TAMÉN SOMOS COÑECIDOS PORQUE NOS GUSTA A TROULA, DE FEITO SON MOI COÑECIDOS O NOSO ENTROIDO E A FESTA DO MAÛGOSTO.

O NOSO COLEXIO ATÓPASE NO BARRIO DE TARASCÓN, UNHA ZONA MOI TRANQUILA DA CIDADE DE OURENSE, ALONXADA DO RUIDO E DAS MOLESTIAS DO CENTRO DA CIDADE. ESTA ZONA LOCALÍZASE NA PARTE NOROESTE DA CIDADE. Ó SUR DO NOSO COLEXIO ESTÁ O RÍO MIÑO E A ESTRADA QUE CONECTA OURENSE CON VIGO. MOI POUCOS MINUTOS ANDANDO ESTÁN A ESTACIÓN DE AUTOBUSES E DE FERROCARRIL.


A ESTRADA A VIGO






O RÍO MIÑO

O NOSO COLEXIO


AS VÍAS DO TREN




 XUNTA DE GALICIA <small>CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORGANIZACIÓN UNIVERSITARIA</small> <small>Carballiño 1, 01500 - 32001 Ourense - Telf: 988217231 - 989 020 240</small> <small>Centro de Información: ccep@xunta.gal</small>	
PROPIEDAD:	CEIP ALBINO NÚÑEZ
TÍTULO PLANO:	
PLANO DE LOCALIZACIÓN	
SITUACIÓN:	RÚA CASDOMATO Nº 1
	T.M de OURENSE
	01
PLANO Nº:	
DATA:	MARZO-15
ESCALA:	VARIAS
	
O NOSO COLEXIO	




EXI	CARLOS ANDRÉS VALLEJO	Arquitecto
ES	C/ENRIQUE ZUBIZARTE 21-1º P.º. 30008 GUREZTU. TELFNO. 94 22 25	Arquitecto
PRO	AMPLIACIÓN DE 3 AÑOS, ALARGA EL ALICATA Y PORCHE CUBIERTO	Arquitecto
ADM	EN EL TÍTULO PUBLICO EN CADA "MUNICIPIO" - DISEÑO	Arquitecto
ESU	CONSULTA DE LICENCIACIÓN Y EMPLAZAMIENTO UNIVERSITARIA	Arquitecto
ESU	CIUDADELA DE GALLICIA	Arquitecto
ESU	PLANO DE	Arquitecto
ESU	PLANTA REMSOTANO - ESTADO ACTUAL	Arquitecto
ESU	Y AMPLIADO	Arquitecto




CARLOS ANDRES VALLEJO ARQUITECTO C/ CUERROS ENRIQUES Nº1-10ºD. 33003 ORENSE. TLFNO. 94 10 68		EXPT. 237/89
EL ARQUITECTO	AMPLIACION DE 3 AULAS, SALON DE ACTOS Y PORCHE CUBIERTO EN EL COLEGIO PUBLICO DE E.S.º "CASARDOMATO" - ORENSE CONSELLERIA DE EDUCACION Y ORDENACION UNIVERSITARIA JUNTA DE GALICIA	FECHA: ABRIL/1989 ESCALA 1:100
	PLANO DE PLANTA BAJA AMPLIADA	Nº PLANO 8

PLANTA BAJA

PLANTA 1ª



ARLOS ANDRÉS VALLEJO ARQUITECTO C/COBOS SURRIBES Nº1-10ºB. 48008 ORRIEN. TELFNO. 84 20 03	EXP.º 237/89
PLANO DE PLANTA 1ª - AMPLIADA	FECHA: ABRIL 89 ESCALA: 1:100 Nº PLANO: 9



PLANTA 2ª

CARLOS ANDRÉS VALLEJO Arquitecto C/Correa Bionuevo nº 1-100. 30000 ORENSE. Tlf. 84 44 12 00 RA arquitecto	IMPLANTACIÓN DE 2 SALAS, SALA DE ACTOS Y FONDA DE CURSOS EN EL PABLLÓN PÚBLICO DE E.S.U. "CARABASOATA" - ORENSE ESCUELA DE EDUCACIÓN Y ORDENACIÓN UNIVERSITARIA JUNTA DE GALICIA	EXPT. 257/89 FECHA: 25/11/89 ESCALA: 1:100 Nº PLANO: 5
	PLANO DE PLANTA 2ª - ACTUAL	22